



CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E
PROTECCIÓN CIVIL



O PRÓXIMO MÉRCORES DÍA 24 DE FEBREIRO TERÁ LUGAR A SEGUNDA XORNADA DE EMPREGO ORGANIZADA POLO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Nesta segunda sesión, de dúas horas de duración, o tema a tratar será a elaboración do currículo e da carta de presentación.

O Concello de Porto do Son vai celebrar o próximo mércores día 24 de febreiro, nas Aulas do Viveiro de Empresas, unha nova sesión para a busca de emprego. Nesta ocasión, o tema a tratar vai ser cómo redactar un currículo e unha carta de presentación.

Dunha maneira eminentemente práctica, as persoas participantes nesta sesión aprenderán todo o necesario para a elaboración dun currículo e dunha carta de presentación. Ademais disto, coñecerán todo o necesario para facer un mellor uso destas ferramentas de busca de emprego.

Así, nesta sesión abordaranse aspectos como:

- A importancia do uso dun currículo e dunha carta de presentación para a busca de emprego.
- Cómo utilizar correctamente estas ferramentas de busca de emprego.
- Cómo facer un currículo e unha carta de presentación.
- Qué información debemos incluír?...Cal podemos evitar?
- Erros frecuentes na redacción e no uso do currículo.
- Etc.

Máis información no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 5 de febreiro de 2016.



FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA